

Día das letras galegas

*Eladio
Rodríguez González*



• O Día das Letras Galegas adícase esta ano á figura e á obra do ourensán Eladio Rodríguez González (1864-1949), poeta, lexicógrafo, xornalista e home comprometido activamente con Galicia dende tódolos eidos culturais •

Paisaxes e paisanaxes dos Ribeiros de don Eladio

Felipe Senén

Ser do Ribeiro de Avia, ser ribeirão marca “per vita”. Non temos máis que observar a significación dos “ribeiros” dende a bocarribeira dese observatorio do mundo que é a Trasalba de Otero Pedrayo, precisamente el que no mencer abría as xanelas que miran ó Punxín de San Wintila, tivo o seu derradeiro escrito, para o Ribeiro de Leiro, cando preparada a romaría da Santa Cruz do 1976, as terras do “bo e xeneroso” don Eladio Rodríguez, que fora paisano e compañeiro da Academia Galega.

E non hai un Ribeiro en singular, xa o matiza ben a canción “Si vas o Ribeiro, o Ribeiro de Avia...” porque nunha mesma bisbarra hai outros ribeiros: do Miño, do Barbantiño, do Arnoia, do Arenteiro... Capital de todos eles é Ribadavia, señorío dos Sarmiento, baixo o mítico Coto de Novelle, sempre celebrada con Leiro que agarima con

entre socalcos e o Castro Cavadoso, de feirantes, de gandeiros, de “gavillas” de Pepa Loba e da Cachapanda, de “vagamundos”, de xentes de feira e romaría traspapeladas na historia de grandes batallas. Terras ben sabidas de doña Emilia Pardo Bazán, cando pasaba tempadas en Banga, naquel “Balcón do Ribeiro” na casa do seu marido don Xosé Quiroga e Suárez de Deza: moi ó revés de don Eladio, ela, a Condesa, dende a Coruña ó Carballiño pisando por terras propiedade dos Quiroga, para que a creadora de “Marineda” rebautizará os topónimos “El Bordo”, “Vilamorta”, o río “Avieiro”...

Nesta xeografía sempre estará empoleirada nos camiños que, entre mimosas que cobren socalcos e soben ó Rioboo do musicólogo Fernández Cid, o vello e solemne mosteiro cisterciense de San Clodio, escenografía que do románico nos trae á contemporaneidade, onde se encadrela o “ora e labora” dos frades, de maitines e vésperas, espacio aquel do abade que conta o cronista Vasco da

xante moucho que dicía Otero Pedrayo, abaixo os camiños que de Castrelo, seguindo o Miño levan a Reza e Ourense, tamén a Celanova; pola outra polas cristas pétreas da Pena Corneira, camiños da áspera montaña de uceira e carqueixa, do Suido, de Avión, de Beariz e Magros.... e pola outra por Banga, ben empoleirada, onde ben asentou a histo-

Camiños de trobeiros, de santos, de arrieiros, de feirantes, da mesma “Pepa a Loba”

ria dende o pasado máis lonxano, a xulgar polos petroglifos de espirais que vixían horizontes nas terras de Anllo, de castros irmáns do de San Cibrán das Las no San Amaro, de minas que din de ouro, como o Puzo do Lago, de covas antigas habitadas por lendas, como as das Adegas, entre loureiros e penedos de xeitos caprichosos, labrados polos

Xoan, de torres e castelos, de Zuñigas, Ulloas, Sarmiento... por algo no medio se lle coñeceu como “Castela”, lindando pola outra banda do ‘Arenteiro con “Orcellón” que correspondería co que é hoxe o Irixo, xurisdiccións perdidas na memoria e soamente nos legaxos dos arquivos que esperan ós estudiosos. Berce de emigrantes que dende os portos de Vigo voltaron como filántropos indianos de Cuba e Bos Aires, puido ser este tamén o camiño de don Eladio.

Volta para beber na fonte limpa das orixes

Don Eladio non deixa perder da memoria este seu couto, sempre aberto á historia: rillote, bailade-las de mocidade, a competencia literaria nas páxinas do “Tío Marcos da Portela” co boticario Cesáreo Pinal do Carballiño, do que aínda lembramos, como un templo de alquimista, a súa botica de moblaxe neogótico, mostrador de mármore con tarros e albarellos multicores, fardeles de papel de estraza. Algo máis que pintoresquismo, espazos físicos e psíquicos ós que don Eladio regresa cando pode, para beber na fonte limpa das orixes. En “Ora-cións Campesiñas” lembra a súa verdadeira “nación”:

¡Meu Ribeiro!

Currunchos do Paraíso

Anaco solto do Ceo,

xardín de veigas floridas

e de recendentes cheiros,

país de ensoño e de gloria...

.....

Ben vos vexo a todas horas...

cos ollos do pensamento

Téñovos diante da vista,

gárdovos dentro do peito,

síntovos preto da ialma

lévovos comigo á reo...

¡Meus enmeigadores campos!

¡Meu Ribeiro!

Saudade, lembranza da vendima, da casa, do Avia, das aldeas, das humildes perto sólidas casas construídas sobre peneda... e máis, moito máis que latexa no sentimento de quen se sente precursor e que dende aquel berce ourensán, e dende as tertulias de rebotica e as tribunas académicas da Coruña, abre portas a unha contemporaneidade que aínda non calou con fondura na inmensidade dunha terra, que é paisaxe, paisanaxe e canto se trama: cultura, historia... Viaxando polos ribeiros e lendo os versos e prosas ribeirás de don Eladio, decatarase un mellor dun tempo e dunhas ansias por redimir o espírito da identidade, o motor de todo.



O mosteiro cisterciense de San Clodio do Ribeiro, en Leiro

vellas pontes a ese Avia que ven dos montes de Avión, despois de recibir en Pazos as augas do Arenteiro que baixa do Carballiño, entre xigantescas penedas e míticos puzos, areais nos que se crí a nacarada “ameixa de río”, despois de burbullar en fontes que no século XII souberon do peregrino San Famián, a carón do mosteiro cisterciense de Oseira. Ríos que serviron de guieiro dende a máis remota prehistoria, camiños de buscadores de metais, de ermitáns cristianizadores, de frades misoneiros—empre se contou que o trobeiro de cervos e fontes, Pedro Meogo, era de Banga—afundidas vereas de arrieiros

Ponte das Mariñas coruñesas e que Pedro Madruga, gargallándose humillou diante dos seus veciños, dos sufridores monxes “egos” e dos intelectuais “de coro” facendo cabalgar sobre unha buirra vella, espido e como Deus o deu, e pra máis “inri” cunha restrá de allos ó pescozo.

Terras vixiadas por unha banda polo Coto de Novelle con esa silueta de axe-

Ríos que serviron de guieiro dende a máis remota prehistoria

catro elementos, as aldeas de Sagra e o Varón onde as espadañas da parroquia seguen deixando sentir o tanxer das campanas, a voz da parroquia. Congostras, vereas vellas, camiños romanos labrados na pedra polos pes e as rodeiras dos carros, restos romanos entre os viñedos e nos camiños que soben a Faramontaos, as augas termais de Berán... paisaxes que coñeceu máis recentemente Graham Greene. Son estas terras de caldas e balnearios: o Carballiño, Partovia, Laias, Arnoia... paraxes de prerrománico como Francelos, románico en Gomariz, Moldes, Cameixa... de templarios e cabaleiros de San